



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Principios económico-contables da empresa	Código	612G01005	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Montes Solla, Paulino	Correo electrónico	paulino.montes.solla@udc.es	
Profesorado	Alló Pazos, María Barreiro Viñan, Jose Manuel Garcia Lorenzo, Antonio Montes Solla, Paulino Rungo , Paolo Varela Candamio, Laura	Correo electrónico	maria.allo.pazos@udc.es jose.barreiro.vinan@udc.es antonio.garcia.lorenzo@udc.es paulino.montes.solla@udc.es paolo.rungo@udc.es laura.varela.candamio@udc.es	
Web	estudos.udc.es/es/subject/612G01V01/612G01005/2023			
Descrición xeral	<p>Esta materia forma parte das materias de formación básica do primeiro curso do Grao en Dereito. Está situado no primeiro cuatrimestre e consta de seis créditos ECTS (6 ECTS).</p> <p>Considérase unha materia básica porque estuda os conceptos fundamentais da economía e da contabilidade nacional. Estes conceptos son útiles, non só para o estudantado de Dereito como tales, senón tamén para os/as cidadáns que realizan actividades económicas na súa vida diaria (consumir, investir, recibir subvencións públicas, pagar impostos e tomar moitas outras decisións económicas).</p> <p>Tendo en conta que o coñecemento da materia é parte fundamental de toda actividade económico-financeira, empresarial, social, xurídica ou política, a materia é necesaria e imprescindible no marco do Grao en Dereito.</p> <p>Na materia explícanse os conceptos, instrumentos e criterios básicos necesarios para ter un coñecemento xeral das cuestións económico-financeiras máis relevantes. Por iso, o enfoque desta materia está pensado para estudantes que se están iniciando no ámbito da economía e da contabilidade, e que precisan ter unha visión global destes e das súas diferentes cuestións e problemáticas. Por este motivo, a materia é abordada cun enfoque multidisciplinar, ofrecéndolle ao estudante unha visión panorámica da mesma, tal e como corresponde á idea dun programa a nivel de materia integrada nunha licenciatura en Dereito.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Comprender o funcionamento real da economía na sociedade contemporánea e mais as interrelacións dos ámbitos empresarial, laboral, financeiro, social e político para acadar unha percepción xeral dos problemas microeconómicos en entornos internacionais e globalizados.	A4	B7	C4
	A7	B5	C7
	A9		
	A15		



Capacidade de síntese e de aplicación práctica dos conceptos teóricos para o tratamento e resolución de problemas económicos de forma reflexiva, crítica e autónoma. Capacidade de expresión oral e escrita. Capacidade de traballo en equipo.	A4 A7 A9 A15	B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B1 B5	C3 C4 C5 C7
Sensibilización na obriga de todo cidadán de contribuír cos seus coñecementos a tratar de resolver as necesidades humanas individuais e colectivas cunha mellor comprensión da natureza e problemática destas últimas. Desenvolvemento do alumnado na toma de decisións económicas ao longo da súa vida tendo presente o enfoque da economía sostible (vínculos económico-social-ambiental) como fonte de xeración de benestar a longo prazo	A4 A7	B6 B10 B12 B13 B3 B4 B5	C3 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I. INTRODUCCIÓN	Tema 1. Principios económicos básicos Tema 2. Modelos económicos
MÓDULO II. MICROECONOMÍA	Tema 3. Oferta e demanda Tema 4. Intervención do goberno nos mercados Tema 5. Elasticidades e fiscalidade
MÓDULO III. MERCADOS E COMPETENCIA	Tema 6. A curva de oferta Tema 7. A competencia perfecta Tema 8. Monopolio, oligopolio e competencia monopolística Tema 9. Externalidades e bens públicos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A7 A9 A15 B6 B7 B8 B13 B1 B5	50	75	125
Proba de resposta múltiple	B7 B9 B10 B11 B12 B1 B3 B4 B5 C3 C4	4	0	4
Proba obxectiva	B7 B8 B1 B5 C5 C6 C7	2	0	2
Atención personalizada		19	0	19

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O profesorado explicará cada un dos temas do programa, insistindo nos conceptos fundamentais e as súas relacións. A exposición oral do profesorado poderá ser complementada co uso de medios audiovisuais e coa formulación de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe e facilitar a participación.



Proba de resposta múltiple	<p>Podera constar de resolución de problemas, preguntas breves, preguntas de ensaio ou de preguntas de opción múltiple.</p> <p>Forma parte da avaliación continua.</p> <p>Poderase realizar online a través de la plataforma Moodle ou de forma presencial. O equipo docente informará da modalidade no momento oportuno.</p>
Proba obxectiva	<p>Trátase dunha proba para a avaliación da aprendizaxe, pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén pode construírse con un só tipo dalgunha destas preguntas. Poderá incluír tanto preguntas de carácter teórico como práctico ou problemas.</p> <p>Poderase realizar online a través de la plataforma Moodle ou de forma presencial.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>A equipa docente estará dispoñible para a atención personalizada aos estudantes, sempre que eles o requiran, para aqueles temas que estimen oportuno, en relación co temario da asignatura. Particularmente para a resolución problemas, lecturas, etc.</p> <p>Esta atención poderá ser online a través dos mecanismos facilitados pola universidade.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	B7 B9 B10 B11 B12 B1 B3 B4 B5 C3 C4	<p>Esta actividade forma parte da avaliación continua.</p> <p>Valoraranse os coñecementos e habilidades amosadas polo alumnado na realización de probas obxectivas (parciais) dos tres primeiros módulos do programa, cunha puntuación máxima de 6 puntos.</p>	60
Proba obxectiva	B7 B8 B1 B5 C5 C6 C7	<p>Valoraranse os coñecementos e competencias mostradas polo alumnado no exame final proposto polo equipo docente, debendo obter un mínimo de 2 puntos sobre 4.</p>	40

Observacións avaliación



Observacións de avaliación: 1) Calificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cando só participen en actividades de avaliación que teñan un peso inferior ao 20% da nota final, independentemente da calificación acadada.

2) Segunda oportunidade e convocatoria adiantada:

Segunda oportunidade: As

condicións de avaliación da segunda oportunidade (artigo 18, apartado 5, das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Calificacións dos Estudos de Grado e Mestrado) dictaminan que a segunda oportunidade debe garantir a posibilidade de superación da materia polo estudante, polo que comprende modificar as porcentaxes de calificación respecto da primeira oportunidade. Así mesmo, a actividade da segunda oportunidade consistirá nun único exame final que representará o 100% da nota final e que se realizará na data do calendario oficial. Alternativamente, na segunda oportunidade, o alumno poderá conservar as cualificacións obtidas na avaliación continua da primeira oportunidade (cunha ponderación do 30% na nota final) e, neste caso, o exame final da segunda oportunidade representará a restante 70%. Oportunidade adiantada: As condicións de avaliación da oportunidade adiantada (artigo 19 das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Calificacións dos Estudos de Grado e Mestrado Universitario) serán específicas para esta oportunidade. Esta será avaliada por medio dunha proba obxectiva que representará o 100% da calificación final. 3) Estudantes con recoñecemento

de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia:

Na primeira e segunda oportunidade, os criterios de avaliación rexiránse de acordo á realización dunha proba obxectiva cun peso do 100% sobre a calificación final. Consistirá nunha proba obxectiva na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas nas que os estudantes terán que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.

4) Sobre condicións de avaliación

final: Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.

5) Identificación do estudante: O

alumno deberá demostrar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

6) En caso de plaxio ou copiado na realización de calquera proba, o estudante será excluído automaticamente da mesma, e toda a puntuación que houberse obtido en dita convocatoria ou oportunidade lle será eliminada. Por elo, si o estudante tivera algunha puntuación na proba práctica ou estudo de caso, esta lle sería anulada.

Outras observacións de avaliación sobre mínimos nos criterios de avaliación. A) Non se require unha calificación mínima na parte da avaliación continua.

B) Para a proba mixta é necesario obter un 50% da calificación posible para poder superar a materia. Este requisito aplícase tanto á 1ª como á 2ª oportunidade.

C) No conxunto, o estudante deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a materia, pero sempre que na proba obxectiva acade un mínimo do 50% da puntuación da proba.

D) As clases son presenciais e, polo tanto, a asistencia a clase é obrigatoria.



Fontes de información

Bibliografía básica	- Krugman, P. Wells, R. & Graddy, K. (2015). Fundamentos de Economía (3ª edición). Reverté
Bibliografía complementaria	- Pindyck, R.S. & Rubinfeld, D.L. (2018). Introducción a la Economía: Microeconomía. Pearson. Prentice Hall - Bustos Gisbert, A. (2017). Introducción a la Economía. Civitas - Mochón Morcillo, F. (2012). Principios de Economía Política (3ª edición). McGraw-Hill

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase seguir con asiduidade as indicacións e novidades da plataforma MOODLE, xa que esta plataforma, xunto coas clases presenciais, constitúe un sistema esencial de comunicación entre a equipa docente e o estudantado. Ademais, fanse as seguintes observacións e recomendacións, con carácter xeral:

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:
 - a. Solicitárase en formato virtual e/ou soporte informático;
 - b. Realízase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
3. Trabállase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
4. Facilitárase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

Recordatorio de aplicación da normativa de igualdade:- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberá incorporarse a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, propiciárase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)- Trabállase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías